

Sumario

Artigos

- 11-23 «Sempre e mais despois». No centenario do nacemento de Raimundo García Domínguez, Borobó
Ana Acuña Trabazo
- 25-32 Importancia do pensamento galego baliñano na socio-hermenéutica multidimensional
Juan R. Coca
- 33-42 David y Salomón ante la puerta del Paraíso: el reflejo moral del Antiguo Testamento en la catedral de Ourense (siglo XIII)
Natalia Conde Cid
- 43-50 Exposición dos prototipos femininos nos *Miragres de Santiago*. Unha primeira aproximación
Raquel Fernández Parada
- 51-59 Unha variación inexistente nas cantigas profanas galego-portuguesas: as formas *perdon / pardon*
Manuel Ferreiro
- 61-69 Rafael Dieste e Sebastián Martínez-Risco entre Bos Aires e a Academia Galega
Xosé Ramón Freixeiro Mato
- 71-78 ¿Absoluta imposibilidade o erros de outros tempos? Emilia Pardo Bazán y Prudencio Canitrot
Carlos Gegúndez López
- 79-112 Achegas para un dicionario equino galego
Fernando Groba Bouza; Antón Vázquez Corral
- 113-149 Las últimas visitas del priorato de San Salvador de Chantada (Lugo) por los abades de Valladolid: edición y estudio
Xosé Méndez Pérez
- 151-159 A (re)escritura feminista. Notas sobre Begoña Caamaño
María Xesús Nogueira Pereira
- 161-180 Teatro, carteis e cómic na Galicia dos anos setenta
Francisco Oti Ríos
- 181-188 Cunqueiro en *El Pueblo Gallego*
Armando Requeixo
- 189-201 As figuras femininas en Ramón Otero Pedrayo: obra dramática e guións
Laura Tato Fontaíña
- 203-216 El hospital medieval de Pena Godón, una ventana al pasado de un despoblado olvidado en el Camino Francés a Compostela
Rosario Valdés Blanco-Rajoy

Varia

- 217-220 O número 304 da revista *Nós*: un relato contrafactual
Xesús Alonso Montero
- 221-224 Lembrando ao noso Sabino
Xesús Alonso Montero; Vicente Araguas; Manuel Pereira Valcárcel
- 225-226 Moi poucos coma el. Lembrando a Fermín Bouza
Vicente Araguas

Crónica

- 227-231 Crónica das luces e sombras de Madrid
Lidia Teixeira

Creación**Lírica**

- 233-235 Poemas
María do Cebreiro
- 237-239 Poemas
Cristina Ferreiro

Narrativa

- 241-245 O lado positivo
Marcelino Fernández Mallo
- 247-248 O home da miña vida
Manuel Pereira Valcárcel

Teatro

- 249-251 Quercus
Fátima Peón Torres

Tradución

- 253-254 Poemas de Maria Cyranowicz
Rebeca Lema; Karolina Stepień

Entrevista

- 255-261 Conversa á sombra con Luz Pichel
Lidia Teixeira

263-291 Recensións**293 Estatísticas anuais**

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

Vol. 19 (2016)

ISSN: 1138-9664

<http://revistas.ucm.es/index.php/MADR>

Contents

Articles

- 11-23 «Sempre e mais despois». The Centenary of Borobó's (Raimundo García Domínguez) Birth
Ana Acuña Trabazo
- 25-32 The Importance of Galician Thinking: a Multi-dimensional Hermeneutic Perspective
Juan R. Coca
- 33-42 David and Solomon in the Portal of Paradise: A Moral Reflection Seen through the Old
Testament in Ourense Cathedral (13th C.)
Natalia Conde Cid
- 43-50 An Overview of Female Prototypes in *Mirages de Santiago*. A First Approach
Raquel Fernández Parada
- 51-59 *Perdon / pardon*: False Variation and Textual Transmission Problems in the Corpus of Secular
Galician-Portuguese Lyric Poetry
Manuel Ferreiro
- 61-69 Rafael Dieste and Sebastián Martínez-Risco: Buenos Aires and the Galician Academy
Xosé Ramón Freixeiro Mato
- 71-78 An Absolute Impossibility or a Mistake from the Past? Emilia Pardo Bazán and Prudencio
Canitrot
Carlos Gegúndez López
- 79-112 Contributions to a Galician Equine Dictionary
Fernando Groba Bouza; Antón Vázquez Corral
- 113-149 The Last Visits of the Abbots of Valladolid to the Priory of San Salvador de Chantada (Lugo):
Edition and Study
Xosé Méndez Pérez
- 151-159 Feminist (re)writing. Notes on Begoña Caamaño
María Xesús Nogueira Pereira
- 161-180 Theatre, Posters and Comics in Galicia, in the 1970s
Francisco Oti Ríos
- 181-188 Cunqueiro in *El Pueblo Gallego*
Armando Requeixo
- 189-201 The Representation of Women in Ramón Otero Pedrayo's Plays and Film Scripts
Laura Tato Fontaiña
- 203-216 The Medieval Hospital of Pena Godón: A Glimpse at a Long Forgotten Place in the French
Way of Saint James
Rosario Valdés Blanco-Rajoy

Varia

- 217-220 NÓS Journal, Issue 304: A Counterfactual Story
Xesús Alonso Montero
- 221-224 Remembering our Sabino
Xesús Alonso Montero; Vicente Araguas; Manuel Pereira Valcárcel
- 225-226 One of a Kind: Remembering Fermín Bouza
Vicente Araguas

Chronicle

- 227-231 Chronicle of lights and shadows of Madrid
Lidia Teixeira

Creation**Lyric**

- 233-235 Poems
María do Cebreiro
- 237-239 Poems
Cristina Ferreiro

Narrative

- 241-245 The positive side
Marcelino Fernández Mallo
- 247-248 The man of my life
Manuel Pereira Valcárcel

Theatre

- 249-251 Quercus
Fátima Peón Torres

Translation

- 253-254 Maria Cyranowicz's Poems
Rebeca Lema; Karolina Stępień

Interview

- 255-261 Conversation in the shade with Luz Pichel
Lidia Teixeira

263-291 Reviews**293 Annual Statistics**

Unha variación inexistente nas cantigas profanas galego-portuguesas: as formas *perdon* / *pardon*¹

Manuel Ferreiro²

Recibido: 1 de decembro de 2015 / Aceptado: 29 de xuño de 2016

Resumo. No marco dos problemas editoriais que presenta o texto das cantigas profanas galego-portuguesas por causa dun proceso de transmisión textual que dificulta a lectura ou interpretación dalgunhas formas ou pasaxes, neste artigo estúdase unha cuestión lingüístico-editorial de importancia para unha correcta e criteriosa fixación textual do corpus trobadoresco profano: a aparente variación *perdon* ~ *pardon* que se detecta en cantigas transmitidas polos apógrafos italianos. Após a revisión exhaustiva das ocorrencias de *pardon* nos manuscritos, conclúese que é produto dunha deficiente interpretación do copista *a* do Cancioneiro da Biblioteca Nacional. Do mesmo xeito, esta constatación permite facer algunhas outras emendas textuais de falsas formas e/ou variantes (*perfiar* / *parfiar*, *per* / *par*) en cantigas copiadas pola mesma man e que os editores, en xeral, mantiveron acriticamente.

Palabras chave: Crítica textual; *perdon* vs. *pardon*; galego-portugués; lírica profana; trobadorismo.

[es] Una variación inexistente en las cantigas profanas gallego-portuguesas: las formas *perdón* / *pardón*

Resumen. En relación con los problemas editoriales que presenta el texto de las cantigas profanas gallego-portuguesas a causa de un proceso de transmisión que dificulta la lectura o interpretación de algunas formas o pasajes, en este artículo se estudia una cuestión lingüístico-editorial de importancia para una correcta y apurada fijación textual del corpus trobadoresco profano: la aparente variación *perdon* ~ *pardon* que se detecta en cantigas transmitidas por los apógrafos italianos. Después de la revisión exhaustiva de las documentaciones de *pardon* en los manuscritos, se concluye que es producto de una deficiente interpretación del copista *a* del Cancioneiro da Biblioteca Nacional. Asimismo, esta constatación permite hacer otras correcciones textuales de falsas formas y/o variantes (*perfiar* / *parfiar*, *per* / *par*) en cantigas copiadas por la misma mano y que los editores, en general, mantuvieron acriticamente.

Palabras clave: Crítica textual; *perdon* vs. *pardon*; gallego-portugués; lírica profana; trovadorismo.

[en] *Perdon* / *pardon*: False Variation and Textual Transmission Problems in the Corpus of Secular Galician-Portuguese Lyric Poetry

Abstract. One of the problems facing editors of secular Galician-Portuguese lyric poetry is the misreading or misinterpretation of certain forms and sections due to an imperfect process of manuscript transmission. As an illustration of this, as well as the challenges faced by editors trying to create a sound and accurate reconstruction of the original text, this article will examine the apparent variation between the words *perdon* and *pardon* in the Galician-Portuguese cantiga manuscripts transmitted in Italian apographs. This comprehensive analysis of the occurrence of *pardon* in the corpus of secular Galician-Portuguese troubadour poetry demonstrates that the presence of the alternative form is due, not to variation, but to an inexact rendering on the part of *a* scribe in Cancioneiro da Biblioteca Nacional. A similar need for emendation is also revealed in relation to other false variant forms introduced by the same scribe and reproduced uncritically in most subsequent editions (*perfiar* / *parfiar*, *per* / *par*).

Keywords: Textual Criticism; *perdon* vs. *pardon*; Galician-Portuguese, Secular Lyric Poetry, Troubadour Poetry.

Como citar: Ferreiro, M. (2016): “Unha variación inexistente nas cantigas profanas galego-portuguesas: as formas *perdon* / *pardon*”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 19, 51-59.

¹ Este traballo inscríbese no proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa. III. Edición crítica dixital das cantigas de amor* (FFI2015-63523-P), subsidiado polo “Ministerio de Ciencia y Tecnología” e o “Ministerio de Economía y Competitividad”, a través da “Subdirección General de Proyectos de Investigación”.

² Universidade da Coruña, Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística, Grupo ILLA.
E-mail: manuel.ferreiro@udc.gal

A voz *perdon*, substantivo ou forma verbal, é certamente frecuente ao longo do corpus da lírica profana galego-portuguesa. Como terceira persoa de presente de subxuntivo, *perdon* presenta unha evolución absolutamente regular a partir do lat. PERDONET, con desaparición regular de -E(T) após consoante nasal alveolar (cf. CANEM > can)³, aínda que finalmente fose refeito e regularizado o paradigma de *perdoar* coa forma *perdoe* (Ferreiro 1999 [1995]: § 20c.1, 80a; 180a). Como substantivo masculino, ten unha orixe de difícil explicación, mais, en calquera caso, a forma xeral no período medieval é *perdon*.

Que acontece na lingua das cantigas profanas? A consulta das principais edicións mostra que, a carón de *perdon*, forma sistemática no Cancioneiro da Ajuda e no Cancioneiro da Vaticana, aparece esporadicamente *pardon* (substantivo e verbo) como forma presente no Cancioneiro da Biblioteca Nacional nalgúns dos textos transmitidos por este cancioneiro, tal como xa explicitaba Tavani (1964) hai medio século:

Quanto a *pardon*, non ritengo indispensabile correggerlo in *perdon* su *V*, come è sempre stato fatto qui e in casi analoghi da tutti gli editori (con il risultato che nei glossari la forma *pardon*, prob. d'influenza francese, non è mai registrata). (Tavani 1964: 80)

A convicción do ilustre editor é igualmente expresada por Giovanna Marroni (1968) catro anos despois:

Circa l'alternanza *pardon* (B) e *perdon* (V), c'è da notare que, nonostante i lessici di normale consultazione prendano in considerazione soltanto *perdon*, le due forme coesistono, essendo *pardon* consueta in *B* e *perdon* la sua corrispondente in *V*. (Marroni 1968: 258)

A posición (e decisión) destes estudosos italianos é seguida por diversos editores, con palabras que se repiten dunha edición para outra.

Nótese, neste sentido, como Zilli (1977: 62), fala da “alternanza delle due grafie *pardon* e *perdon*”, mentres Radulet (1979: 63) considera *pardon* como “forma divergente del piú comune *perdon*”, ao tempo que Rodríguez (1980: 70), cita expresamente Tavani como fonte de autoridade: “En cuanto a *perdon*, conviene indicar que en la lengua trovadoresca se registra también la forma *pardon* (...), para Tavani (...) de probable influencia francesa”. Do mesmo xeito, Piccat (1995: 271) cualifica *pardon* directamente de “gallicismo”.

A única innovación na explicación da forma *pardon* xorde da pena de Pilar Lorenzo Gradín (2008: 167-168), que tenta xustificar tal “variante” como produto dunha evolución fonética de *perdon*:

La forma *pardon* presenta la abertura de la vocal pretónica [e] cuando va seguida de la vibrante *r*. Dicho fenómeno se documenta tanto en gallego como en portugués medievales y obedece a una modificación propia de la lengua hablada (Williams 1975, p. 56; Maia 1986, p. 373 y p. 531)⁴.

A finais de 2013, a versión online das cantigas profanas recollidas na web *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas*, coordinada e dirixida por Graça Videira Lopes no *Projeto Littera*, decide rectificar sistematicamente a lección *pardon* en prol de *perdon*, tal como se recolle na nota de *Atualização* con data 7/11/2013⁵:

Procedemos à correção, no texto editado das cantigas, de todas as formas anteriormente editadas como *pardom*, substituindo-as pela forma *perdom*. Todas os versos onde esta alteração ocorre vão acompanhados de uma nota de leitura, com a indicação da edição de Montero Santalha que esteve na base e justifica esta alteração.

Con efecto, tal corrección baséase nas afirmacións realizadas por Montero Santalha

³ O mesmo que acontece tamén após as consoantes *l*, *r*, *s* e *z*, o cal crea inicialmente moitas formas verbais irregulares na lingua medieval: *dol* (< DOLET), *sol* (< SOLET), *sal* (< SALIT), *quer* (< QUERIT), *fêr* (< FERIT), *pes* (< PENSEM, PENSET), *aduz* (< ADDUCIT) etc.

⁴ Porén, nos pasos citados de Williams (*arame*, *çarrar*, *caramunha*, *varrer*) e Maia (*arçabifpo*, *asuçadera*, *auãgios*, *Janebra*, *propiedade*, *sateêta*, *tabaliõ*...) só aparecen algúns casos de /e/ > /a/ en posición pretónica explicábeis todos eles por asimilación ou por disimilación, tal como xa apunta Maia na primeira das pasaxes desta autora citadas pola profesora compostelá. Vid. Williams 1975 e Maia 1986.

⁵ <http://www.cantigas.fesh.unl.pt/atualizacoes.asp> [consulta en 10/10/2015].

(2004: 8) na introdución da súa edición dixital de cantigas trovadorescas⁶:

Alguns editores de textos trovadorescos presentan una forma *pardom* (que, naturalmente, pode estar tamén transcrita como *pardon* ou *pardō*), que sería variante (talvez sob influencia francesa) da mais comú *perdom*, nas dúas funcións que pode desempeñar esta forma: substantivo ou terceira persoa de singular do presente de subjuntivo do verbo *perdōar* (o qual posuiría assim una variante *pardōar*).

Porém, a análise dos manuscritos trovadorescos desvela que esa forma *pard-*, em todas as suas ocorrência, é da exclusiva responsabilidade do copista *a* do cancionero *B*. (...) Vários factos de índole paleográfica [sic] e comparativa provam que está aí a origem da forma, a qual portanto não corresponde à língua realmente usada pelos trovadores.

Em conclusão: *pardom* é uma forma fantasma, inexistente na língua trovadoresca, embora apareça muitas vezes no ms. *B*.

As afirmacións santallianas, feitas por primeira vez na súa tese de doutoramento no subcapítulo “Uma forma fantasma: *pardom*” (Montero Santalla 2000: 204-205), ficaron no esquecemento e moitos outros editores recollen con normalidade a forma *pardom* sen comentario concreto ningún acerca do seu carácter máis ou menos problemático.

Sen dúbida, é tentador considerar que *pardom* aparece na nosa lírica como máis unha forma de influencia francesa, á par de *perdon*. Con todo, deberemos recorrer a máis fontes para segurarmos a lexitimidade de tal forma. Na restante produción medieval que chegou a nós non existe absolutamente ningún exemplo de *pardom*, de modo que nin sequera o recurso aos bancos de datos máis completos (TMILG, CIPM, CdP) deitan ningún resultado con esa forma en ningunha das súas variantes.

Obviamente, o mesmo acontece co verbo *perdōar* ~ *perdoar*, que tampouco presenta unha eventual forma **pardōar* ~ *pardoar*, como sería de esperar á vista de *perdon* como forma de P1 e P3 de presente de subxuntivo.

Estabelecido este marco xeral, convén centrámonos na realidade dos manuscritos que transmitiron a lírica galego-portuguesa. Neste ámbito, é posíbel tamén facer unha afirmación absolutamente obxectiva, tal como Montero Santalla xa explicitara: *perdon* non se rexistra nin no Cancioneiro da Ajuda nin tampouco no Cancioneiro da Vaticana, o cal explica a evidente preferencia nalgúns editores pola forma *perdon*.

Polo contrario, a súa existencia no Cancioneiro da Biblioteca Nacional está comprobada en numerosos contextos. Eis unha relación exhaustiva da aparición nese cancionero da eventual forma diverxente de *perdon* ou *perdoar*, con desigual tratamento ecdótico por parte dos editores da lírica profana galego-portuguesa⁷:

1. Como substantivo⁸:

498 / 25,98 Den [B500/V83], v. 14: que en Deus nunca pod'achar *perdon* (<perdon> B, <perdon> V)

1654 / 120,20 PPon [B1642/V1176], v. 3 assi veo de *perdon* carregada (<pardō> B, <perdon> V)⁹

1654 / 120,20 PPon [B1642/V1176], v. 17: non á *perdon* que s'i possa asconder (<perdon B>, <perdon> V)¹⁰

2. Como forma verbal, é xeral a súa aparición como forma de P3 (e P1) de presente de subxuntivo na frase formularia *assi Deus mi perdon*, coas correspondentes variacións no adverbio inicial e no suxeito e mais no pronome persoal implicado:

⁶ https://www.academia.edu/15399972/Cantigas_trovadorescas_edição_digital_Critérios_de_transcrição_e_de_edição_de_textos_2004.

⁷ Recollemos unicamente aquelas edicións impresas elaboradas con rigor filolóxico, prescindindo de achegas históricas ultrapasadas e/ou de edicións pouco fiábeis.

⁸ Para as referencias ás cantigas da poesía profana, utilizamos o sistema de Jean Marie D'Heur (1975: 10-93), coas correccións achegadas por Montero Santalla (2000: 55-101), xunto coa numeración do *Repertorio metrico* de Tavani (1967), seguido do nome abreviado do trobador, tamén establecido polo mesmo estudoso, e das referencias convencionais dos manuscritos. Os criterios de edición utilizados son os propostos en Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaiña (2007). Para a lectura dos manuscritos, servímonos das edicións facsimilares dos cancioneros: B = *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982; V = *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.

⁹ Cf. *perdon* en Lapa 1970 [1965]: 530; Panunzio 1992 [1967]: 170; *pardom* en Lopes 2002: 375.

¹⁰ Cf. *perdon* en Lapa 1970 [1965]: 531; Panunzio 1992 [1967]: 172; *pardom* en Lopes 2002: 375.

499 / 25,90 Den [B501/V84], v. 11: se Deus mi *perdon* (<pardon> B, <pdon> V)

500 / 25,137 Den [B502/V85], v. 19: se Deus vos *perdon* (<pardon> B, <perdō> V)

509 / 25,40 Den [B511/V94], v. 13: assi Deus mi *perdon* (<pardō> B, <pdon> V)

514 / 25,106 Den [B516/V99], v. 16: se Deus mi *perdon* (<pardon> B, <pdon> V)

515 / 25,105 Den [B517/V100], v. 4: assi Deus mi *perdon* (<pardō> B, <perdon> V)

518 / 25,65 Den [B520/V103], v. 9: se Nostro Senhor mi *perdon* (<pardon> B, <perdō> V)

540 / 25,108 Den [B523^b/V126], v. 2: se Deus mi *perdon* (<pardō> B, <pdō> V)

541 / 25,86 Den [B524^b/V127], v. 11: se Deus mi *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)

543 / 25,30 Den [B526^b/V129], v. 16: se Deus mi *perdon* (<pardō> B, <perdō> V)

560 / 25,117 Den [B543/V146], v. 3: se Deus mi *perdon* (<pardō> B, <pdō> V)

590 / 25,37 Den [B572/V176], v. 15: se Deus vos *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)

597 / 25,62 Den [B580/V183], v. 7: se Deus mi *perdon* (<pardō> B, <pdon> V)

600 / 25,11 Den [B583/V186], v. 16: se Deus mi *perdon* (<pardō> B, <perdō> V)

618 / 25,80 Den [B601/V204], v. 9: se Deus mi *perdon* (<pardon> B, <pdon> V)

630 / 33,3 EstFdzeLv [B615/V216], v. 14: as[s]i Deus me *perdon* (<pardom> B, <perdom> V)¹¹

679 / 152,3 VaGil [B664/V266], v. 2: se Nostro Senhor vos *perdon* (<pardō> B, <perdon> V)

683 / 75,19 JPrzAv [B667/V270], v. 9: se Deus mi *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)

685 / 75,6 JPrzAv [B669/V272], v. 15: se Deus vos *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)

859 / 73,4 JMenBri [B863/V449], v. 6: assi Deus me *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)

952 / 63,60 JAi [B949/V537], v. 9: assi Deus mi *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)¹²

1104 / 88,15 Lour [B1102/V693], v. 9: assi Deus mi *perdon* (<pardō> B, <pdon> V)¹³

1106 / 64,9 JBav [B1104/V695], v. 9: se Deus mi *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)¹⁴

1108 / 64,17 JBav [B1106/V697], v. 7: se Deus mi *perdon* (<pardō> B, <perdon> V)¹⁵

1109 / 64,18 JBav [B1107/V698], v. 14: se Deus mi *perdon* (<pardō> B, <perdon> V)¹⁶

1113 / 51,4 GalFdz [B1111^{bis}/V702], v. 16: se Deus mi *perdon* (<pardō> B, <perdon> V)

1115 / 86,7 Lopo [B1113/V704], v. 6: se Deus mi *perdon* (<pardō> B, <perdon> V)

1116 / 86,3 Lopo [B1114/V705], v. 9: se Deus mi *perdon* (<pardon> B, <pdon> V)

1158 / 77,7 JServ [B1144^a/V747], v. 21: se Deus mi *perdon* (<pardon> B, <pdon> V)

1162 / 83,7 JZor [B1149^a/V752], v. 3: se Deus vos *perdon* (<pardon> B, <perdō> V)

1172 / 145,3 RoiMrzCa [B1159/V762], v. 3: assi Deus me *perdon* (<pardon> B, <perdom> V)¹⁷

1187 / 85,17 JuBol [B1170/V776], v. 3: se Deus vos *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)¹⁸

1248 / 64,14 JBav [B1232/V837], v. 11: se Deus vos *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)¹⁹

1265 / 86,9 Lopo [B1249/V854], v. 2: assi Deus mi *perdon* (<pardō> B, <pdon> V)

1282 / 88,2 Lour [B1265^{bis}/V871], v. 8: assi Deus mi *perdon* (<pardo> B, <perdon> V)²⁰

1305 / 67,4 JReq [B1289/V894], v. 9: se Deus mi *perdon* (<pardō B, <perdon> V)

1307 / 67,5 JReq [B1291/V896], v. 10: se Deus vos *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)

1462 / 127,11 PGmzBarr [B1442/V1053], v. 1: se Deus mi *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)²¹

1463 / 127,13 PGmzBarr [B1443/V1054], v. 8: se Deus mi *perdon* (<pardo> B, <perdon> V)²²

¹¹ Cf. *pardon* en Radulet 1979: 57; Cohen 2003: 345 (vs. Nunes 1973 [1928]: 55).

¹² Cf. *pardon* en Rodríguez 1980: 83 (vs. Nunes 1972 [1932]: 363).

¹³ Cf. *pardon* en Tavani 1964: 37 (vs. Nunes 1972 [1932]: 475; Lopes 2002: 286).

¹⁴ Cf. *pardon* en Zilli 1977: 61 (vs. Nunes 1972 [1932]: 480).

¹⁵ Cf. *pardon* en Zilli 1977: 69 (vs. Nunes 1972 [1932]: 484).

¹⁶ Cf. *pardon* en Zilli 1977: 72 (vs. Nunes 1972 [1932]: 486).

¹⁷ Cf. *pardon* en Macchi 1966: 19 (vs. Nunes 1972 [1932]: 513).

¹⁸ Cf. *pardon* en Cohen 2003: 404 (vs. Nunes 1973 [1928]: 361; Reali 1964: 34).

¹⁹ Cf. *pardon* en Zilli 1977: 130 (vs. Nunes 1973 [1928]: 404; Cohen 2003: 467).

²⁰ Cf. *pardon* en Tavani 1964: 77 (vs. Nunes 1973 [1928]: 431; Cohen 2003: 500).

²¹ Cf. *pardon* en Lapa 1970 [1965]: 578; *pardom* en Lopes 2002: 423.

²² Cf. *pardon* en Lapa 1970 [1965]: 579; *pardom* en Lopes 2002: 424.

- 1466 / 127,7 PGmzBarr [B1446/V1057], v. 1: se Deus mi *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)²³
- 1488 / 6,7 AfLpzBai [B1469/V1079], v. 2: se Deus mi *perdon* (<pardon> B, <pdon> V)²⁴
- 1498 / 16,5 AiPrzVuit [B1478/V1089], v. 16: assi Deus mi *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)²⁵
- 1506 / 70,4 JGarGuilh [B1485/V1097], v. 7: se Deus [a] mí *perdon* (<pardõ> B, <perdon> V)²⁶
- 1508 / 70,19 JGarGuilh [B1488/V1099], v. 19: se Deus vos *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)²⁷
- 1515 / 70,29 JGarGuilh [B1495/V1106], v. 15: se Deus mi *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)²⁸
- 1530 / 43,4 FerGarEsg [B1511], v. 18: assi Deus mi *perdon* (<pardon> B)²⁹
- 1531 / 152,12 VaGil & AfX [B1512], v. 1: se Deus vos *perdon* (<pardõ> B)³⁰
- 1570 / 81,8 JVqzTal & JAi [B1551], v. 21: assi Deus mi *perdon* (<pardon> B)³¹
- 1580 / 31,1 EstFai [B1561], v. 13: se Deus mi *perdon* (<pardõ> B)³²
- 1636 / 114,26 PaiGmzCha & AfX [B1624/V1158], v. 19: assi Deus mi *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)³³
- 1665 / 120,17 PPon [B1653/V1187], v. 21: assi Deus mi *perdon* (<pardon> B, <pdon> V)³⁴
- 1670 / 116,10 PAmigo [B1658/V1192], v. 8: assi Deus ti *perdon* (<pardon> B, <perdon> V)³⁵

3. Por outra parte, a raíz *pard-* tamén se rexistra na mesma forma verbal *perdon* de P3 de presente de subxuntivo e mais na P3 de futuro de indicativo en contextos alleos á expresión formularia anterior:

498 / 25,98 Den [B500/V83], v. 15: Ca de pran Deus non vos *perdõará* / a mia morte (<pardouara> B, <pdouara> V)

507 / 25,110 Den [B509/V92], v. 16: ca Deus non mi *perdon* / *se eu trobo por [m'én pagar]* (<pardon> B, <perdon> V)

508 / 25,126 Den [B510/V93], v. 10: e por aquesto Deus non mi *perdon* / *se ant'eu ja non queria morrer* (<pardon> B, <pdon> V)

563 / 25,28 Den [B546/V149], v. 22: Deus non mi *perdon* / *se vós perdedes do vosso bon prez* (<pardõ> B, <perdon> V)

1225 / 116,2 PAmigo [B1209/V814], v. 4: mas ja Deus nunca mi *perdon* / *se nunca eu vi tan amigo / d'amiga come meu amigo* (<pardõ> B, <perdo> V)³⁶

Estes rexistros –exhaustivos– da aparición da forma *perdon* confirman que todas as ocorrencias con /a/ pretónico se rexistran nos textos do copista *a* do Cancioneiro da Biblioteca Nacional (vid. Ferrari 1979), con só dúas excepcións (cantigas 859, copista *b*; 952, copista *e*)³⁷.

²³ Cf. *perdon* en Lapa 1970 [1965]: 583; *pardom* en Lopes 2002: 427.

²⁴ Cf. *perdon* en Lorenzo Gradín 2008: 158 (vs. Lapa 1970 [1965]: 94; Lopes 2002: 107).

²⁵ Cf. *perdon* en Lapa 1970 [1965]: 134; *pardom* en Lopes 2002: 126.

²⁶ Cf. *perdon* en Lapa 1970 [1965]: 312; Domingues 1992: 63; *pardom* en Lopes 2002: 207 (vs. Nobiling 2007 [1907]: 122).

²⁷ Cf. *perdon* en Lapa 1970 [1965]: 314; Domingues 1992: 65 (vs. Nobiling 2007 [1907]: 123; Lopes 2002: 209).

²⁸ Cf. *perdon* en Tavani 1964: 148; Lapa 1970 [1965]: 321; *pardom* en Lopes 2002: 213 (vs. Nobiling 2007 [1907]: 111; Domingues 1992: 69).

²⁹ Cf. *perdon* en Lapa 1970 [1965]: 211; Spampinato Beretta 1987: 142; *pardom* en Lopes 2002: 141.

³⁰ Cf. *perdon* en Lapa 1970 [1965]: 616; Piccat 1995: 255; Paredes 2001: 328; Paredes 2010: 299; *pardom* en Lopes 2002: 454.

³¹ Cf. *perdon* en Lapa 1970 [1965]: 377; Rodríguez 1980: 317; Fregonese 2007: 78; *pardom* en Lopes 2002: 261.

³² Cf. [1965]: 206; Marcenaro 2013: 126; *perdon* en Lopes 2002: 138.

³³ Cf. *perdon* en Lapa 1970 [1965]: 456; Paredes 2001: 333; Paredes 2010: 304; *pardom* en Lopes 2002: 334 (vs. Cunha 1999 [1945]: 143; Monteagudo 1984: 370).

³⁴ Cf. *perdon* en Lapa 1970 [1965]: 546; Panunzio 1992 [1967]: 200; Juárez Blanquer 1988: 210; *pardom* en Lopes 2002: 385.

³⁵ Cf. *perdon* en Lapa 1970 [1965]: 462; Marroni 1968: 300; *pardom* en Lopes 2002: 339.

³⁶ Cf. *perdon* en Marroni 1968: 257 (vs. Nunes 1973 [1928]: 305; Cohen 2003: 442).

³⁷ A aparición das formas canónicas *perdoar* ~ *perdõar* e *perdon* (verbo e/ou substantivo) nos textos do copista *a* é certamente minoritaria, con dezaseis atestacións. Como forma verbal aparece nas seguintes pasaxes: 631 / 33,1 EstFdZElv [B615^{bis}/V217], v. 1: se Deus vos *perdon*; 1136 / 123,8 PVeer [B1134/V725], v. 4: se Deus vos *perdon*; 1211 / 92,4 MartCal [B1195/V800], v. 9: se Deus mi *perdon*; 1237 / 64,22 (= 116,25) JBav [B1221/V826], vv. 28 e 31: assi Deus me *perdon*; 1246 / 64,8 JBav [B1230/V835], v. 3: de nunca voss'amigo *perdoar* <perdoar> B, <per doar> V; 1256 / 95,3 MartPadr [B1240/V845], v. 15: mais quero-mi-vos *perdoar*; 1261 / 95,6 MartPadr [B1245/V850], v. 9: e, meu amigo, Deus non mi *perdon*; 1272 / 51,5 GalFdZ [B1256/V861], v. 9: [per] *perdõardes*-lhi de coraçon <perdõardes> B, <perdoardes> V; 1489 / 6,9 AfLpzBai [B1470/V1080], v. 20 assi Deus vos *perdon*; 1493 / 16,6 AiPrzVuit [B1473/V1084], v. 8: se Deus mi *perdon*; 1513 / 70,28 JGarGuilh [B1493/V1104], v. 32: se Deus mi *perdon*; 1515 / 70,29 JGarGuilh [B1495/V1106], v. 24: D[e]us ti *perdon*. Como substantivo só se rexistra en dúas cantigas, con catro ocorrencias: 1093 / 33,6 EstFdZElv [B1091/V682], v. 7: Por Deus vos rogo, mia madre, *perdon*; 1654 / 120,20 PPon [B1642/V1176], v. 6 (e do *perdon* ja non lhi ficou nada), v. 7 (E o *perdon* é cousa mui preçada), v. 20 (non á *perdon* que s'i possa asconder).

Isto quere dicir, por tanto, que, *grosso modo*, a forma *pardon* é produto exclusivo dun copista, que debeu interpretar defectuosamente a frecuente abreviatura <p> en <pdō ~ pdon ~ pdom>³⁸, talvez arrastrado, con efecto, pola influencia do *pardon* francés. É necesario, por tanto, emendar aqueles casos en que a transmisión manuscrita non achega copia do texto dunha cantiga no Cancioneiro da Vaticana, e só contamos co testemuño do Cancioneiro da Biblioteca Nacional (cantigas 1530, 1531, 1570 e 1580).

Na realidade, esta tendencia a desenvolver como <par> a abreviatura de *per* por parte do copista *a* do Colocci-Brancuti é certamente constatable noutras formas neste mesmo copista en que tal desenvolvemento crea unha forma absolutamente inexistente baixo todos os puntos de vista. Tal acontece con **parder* ‘perder’ e **marcar* ‘mercar’, sen dúbida formas erradas ben similares a **pardon*, emendadas criteriosamente en todas as edicións³⁹:

1107 / 64,29 JBav [B1105/V696], v. 9: ca sén / *perç*’ e dormir? (<Parc|> B, <p c|> V)

1482 / 63,23 JAi [B1463/V1073], v. 12: e ar dizen que *mercou* atan mal (<marcou> B, <m’cou> V)

Exactamente o mesmo acontece coa forma **parfiar* ‘porfiar’, descoñecida na produción medieval e inexistente, fronte aos moi frecuentes *perfia* e *perfiar*, na poesía profana (vid. GLOSSA, s.v.) e relixiosa, xunto con outras atestacións na prosa medieval máis tardía, onde xa aparece con *porfia* e *porfioso* (vid. TMILG e CIPM, s.v.). É por isto que se debe tamén emendar a lección de B na cantiga 1558 de Don Denis, onde os seus principais editores fixan *porfiar* (Lang 1972 [1894]: 104-105) ou manteñen a lección orixinal *parfiar* do copista *a* deste cancionero (Lapa 1970 [1965]: 156; Lopes 2002: 488): 1558 / 25,131 Den [B1539], v. 13: El seve muit’ e diss’ e *perfiou* (<parfiou> B).

Por outra parte, a respecto da interpretación da abreviatura <p> por parte do mesmo copista *a*, debe ser tamén examinada con

atención a aparición da variante preposicional *par* nos textos medievais. Na poesía profana (vid. GLOSSA, s.v. *por*), esta variante *par* só aparece, xunto con *por* e/ou *per*, nas invocacións a Deus (*par Deus*, *par Nostro Senhor* etc.), á Virxe (*par Santa Maria*) e aos santos (*San Servando*, *San Vincente* e *San Leuter*) e mais na expresión *par caridade*, xunto con algún contexto en que *par* aparece inducido pola alusión a Deus (*juro par Deus*, *par Ti*)⁴⁰. Exactamente os mesmos usos aparecen nas *Cantigas de Santa Maria*, onde aumenta a nómina dos santos invocados (*San Denis* ~ *Dinis*⁴¹, *San Fiiz*, *San Johan*, *San Bonifaz*, *Sant’Andreu*, *San Mateus* e *San Martin*), aínda que *par* non é utilizada co sintagma *Santa Maria*. Por outra parte, conforme os datos subministrados polo TMILG, *par* é forma rara na produción prosística e só se rexistran dezanove aparicións de *par Deus*, na prosa literaria e cronística.

Ademais, na extensa produción tabeliónica dos territorios galegos só se rexistra un total de once aparicións (en oito documentos) da variante preposicional *par*, algunha delas condicionada tamén polo ámbito do relixioso ou do invocacional, nun total de aproximadamente 38.600 documentacións da preposición *por* no banco de datos do *Tesouro Medieval Informaticizado da Lingua Galega*:

Et nos Monijo Paez e Pedro Afonso sobreditos cum nossas molleres sobreditas *par* uos comprimos a uos don Iohan Pérez coengo sobredito tod’esto assy como se conten en esta carta. (a. 1280)

faço carta de vindiçon valideyra por senpre de quanta irdade eu y en Areas, a monte et a fonte, con sas pyrtynças *par* u quer que va, su sino de sante Estevo. (a. 1290)

para ffazer adita iglesia por la mja alma et *par* las almas dos ditos meu padre et mja madre et de mja yrmaa Tareiga Garçia. (a. 1362).

ou se o bira dela leuar en algun tempo ao prior do dicto moesteiro diso *par* lo dicto juramento que feito abia (...) A segunda testes, (...), diso, *par* lo dicto juramento que feito abia (...). A quarta testes, Juan Ares de Sauaris, (...), diso, *par* lo

³⁸ Tal como xa Montero Santalla sinalou moi acertadamente (2000: 205).

³⁹ Véxanse, respectivamente, Nunes (1972 [1932]: 482) e Zilli (1977: 65) e mais Lapa (1970 [1965]: 28), Rodríguez (1980: 299) e Lopes (2002: 186).

⁴⁰ Na prosa literaria tamén aparecen os mesmos usos, aínda que en moito menor medida, xa que prevalece a forma habitual *por* (ou *per*).

⁴¹ Coa variante asimilada *pa-Ssan Dinis* (CSM 238.62).

dicto juramento que feito e en respondendo a a dicta carta do dicto juys conseruador, que bira pagar certo pan a Ares Eanes, clérigo de Sancta Maria de Bugercos, ao prior de Bilar de Donas de apadroadego da dicta iglesia de Bugercos, mays que non sabia quanto era. (a. 1449)

Ciçilia Afon(so) moller que foy de V(as)co Anes de Fragoso notario que foy da dita cidade, que era presente *par* ella en sua vida. (a. 1453)

e a dita terra non podera nen podía suportar os ditas males e dapnos, roubos e forças e inposiçoes que lles foran postas, asy *par* Roy Afonso Piimintel, señor que fora da dita vila. (a. 1467)

et a rogo et a pedimiento das ditas partes esta carta de foro segund que *par* min pasou et vien e fielmente por mina mão escribí. (a. 1493)

Jaz o foro desto *par* ante Antonio Gomes notario (...) Que paga en cada huun anno para sempre Pero Prego regidor trinta mrs. vellos *par* la herdade que esta en Taboas. (a. 1577)⁴²

Conforme estes datos, deberán ser reavaliados algúns contextos en que aparece *par* nos textos do copista *a* do Cancioneiro da Biblioteca Nacional fóra dos usos antecitados (invocacións ou fórmulas relixiosas), xa que, de novo, asistimos á reinterpretación da preposición *por* ou *per* como <par> por parte deste copista. É por isto que se deberá dar preferencia á forma de V en dous contextos das cantigas, por moito que na cantiga de Estevan da Guarda as edicións de Lapa (1970 [1965]: 163) e de Lopes (2002: 492) manteñan a lección *par* de B (fronte a Pagani 1971: 94):

625 / 118,6 PedPort [B609/V211], v. 19: e, pois *por* min tod'esto passou ja (<par> B, <por> V)

1316 / 30,4 EstGuar [B1300/V904], v. 11: é *per* seu talan? (<p> V, <par> B)

Máis aínda, noutras dúas cantigas que só foron transmitidas polo Cancioneiro da Biblioteca Nacional, a forma *par* do copista deberá ser emendada novamente para fixarmos unha máis que probábel forma *per*, fronte a todos os editores, que prefiren manter a pseudovariante

par tanto na cantiga de Don Denis (Lang 1972 [1894]: 106-107, Lapa 1970 [1965]: 161, Lopes 2002: 491) como na de Nunes (Lapa 1970 [1965]: 114, Lopes 2002: 328):

1561 / 25,32 Den [B1542], v. 16: pois se *per* [a] tal cajon perderon (<par> B)

1571 / 105,1 Nunes [B1552], v. 3: que seja seu jantar loado / *per* mí (<par> B)

Finalmente, é tamén nun texto do copista *a* que aparece unha anómala forma *par-* como partícula perfectiva preverbal, que deberá ser tamén corrixida, de novo fronte a todos os editores anteriores, que manteñen a incorrecta lección <par> de B (Lang 1972 [1894]: 104, Lapa 1970 [1965]: 154-155, Lopes 2002: 487). Eis o contexto:

1557 / 25,130 Den [B1538], v. 10:

Falou migo o que quis falar
e con outros mui sen razon;
e do que nos i diss'enton
bõa razon mi *per*-foi dar
per que lhi troba[ss]', e non quis,
e fiz mal porque o non fiz].

Finalmente, aínda existe un outro contexto, do mesmo copista *a* do Colocci-Brancuti, que subministra unha forma *par fe* (1525 / 154,5 VaPrzPard [B1506], v. 12: *mais, par fe, sen mal engano*)⁴³ que contrasta poderosamente co sistemático uso de *per fe* na lírica galegoportuguesa, tanto profana como relixiosa.

Todos os datos apuntan, pois, a que na edición dos textos trobadorescos profanos deben ser emendados aqueles textos do copista *a* (xunto cos dous rexistros de *pardon* dos copista B e E) en que aparece **pardon*, verbo ou substantivo (fronte ao *perdon* de V), **marcar*, **parder*, **parfiar*, **par* e **par-* en contextos alleos aos que permiten o seu uso. Isto implica a opción sistemática pola forma enviada polo Cancioneiro da Vaticana ou a emenda directa de **parfiar* (1558.13) e pola restauración do probábel *per* do antígrafo nos casos de **par* (1316.11, 1561.16 e 1571.3) e **par-* (1557.10).

⁴² Nos milleiros de contextos en que aparece a asimilación da preposición *por* ~ *per* coa artigo, só localizamos nove aparicións de *palo* ~ *parlo* 'polo', todas elas, de novo, en expresións ligadas ao mundo relixioso: *palo juramento* ~ *parlo dicto juramento* (dúas veces nun documento de 1449); *palo Criador* e *palo Deus santo* nas *Cantigas de Santa Maria*; *parlos dioses* ~ *parlos deuses* na *Crónica Troiana*. Vid. TMILG, s.v. *palo(s)*, *parlo(s)*.

⁴³ A forma *par* é conservada en todas as edicións da cantiga de Vaasco Perez Pardal: Lapa 1970 [1965]: 621; Majorano 1979: 142; Lopes 2002: 459.

Referencias bibliográficas

- B = *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982.
- CdP = Davies, Mark e Michael Ferreira: *Corpus do Português: 45 million words, 1300s-1900s* <<http://www.corpusdoportugues.org>>.
- CIPM = Xavier, M. Francisca: *Corpus Informatizado do Português Medieval* <<http://cipm.fesh.unl.pt/>>.
- Cohen, Rip (2003): *500 Cantigas d'Amigo. Edição crítica / Critical edition*. Porto: Campo das Letras.
- CSM = Mettman, Walter (ed.) (1986-1989): *Alfonso X el Sabio, Cantigas de Santa Maria*. Madrid: Castalia, 3 vols.
- Cunha, Celso Ferreira da (1999 [1945]): *O Cancioneiro de Paay Gómez Charinho. Trovador do século XIII*, en E. Gonçalves (ed.), *Cancioneiros dos Trovadores do Mar*. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda, pp. 33-147.
- D'Heur, Jean Marie (1975): *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII^e-XIV^e siècle): contribution à l'étude du «corpus des troubadours»*. Liège: Université de Liège.
- Domingues, Agostinho (1992): *Cantigas de João Garcia de Guilhade. Subsídios para o seu estudo linguístico e literário*. Braga: Editorial Franciscana (Edição da Câmara M. de Barcelos).
- Ferrari, Anna (1979): “Formazione e struttura del canzoniere portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisbona (cod. 10991: Colocci-Brancuti). Premesse codicologiche alla critica del testo (Materiali e note problematiche)”, *Arquivos do Centro Cultural Português XIV*, pp. 27-142.
- Ferreiro, Manuel (1999 [1995]): *Gramática Histórica Galega. I. Fonética e Morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Ferreiro, Manuel, Carlos Paulo Martínez Pereiro e Laura Tato Fontaiña (2007): *Normas de edición para a poesía trovadoresca galego-portuguesa / Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry*. A Coruña: Universidade.
- Fregonese, Roberta (ed.) (2007): *Joham Vaazquiz de Talaveyra, Poesie e tenzoni*. Milano: Spolia.
- GLOSSA = Ferreiro, Manuel (dir.) (2014-): *Glosario da poesía medieval galego-portuguesa*. A Coruña: Universidade da Coruña <<http://glossa.gal>>.
- Juárez Blanquer, Aurora (1988): *Cancionero de Pero da Ponte*. Granada: Ediciones TAT.
- Lang, Henry R. (1972 [1894]): *Das Liederbuch des Königs Denis von Portugal*. Hildesheim / New York: Georg Olms Verlag (ed. facsimilar).
- Lapa, Manuel Rodrigues (1970 [1965]): *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*. Vigo: Galaxia.
- Littera = Lopes, Graça Videira, Manuel Pedro Ferreira et alii (2011-): *Cantigas Medievais Galego Portuguesas [base de dados online]*. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA <<http://cantigas.fesh.unl.pt>>.
- Lopes, Graça Videira (2002): *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses*. Lisboa: Estampa.
- Lorenzo Gradín, Pilar (ed.) (2008): *Don Afonso Lopez de Baian, Cantigas*. Alessandria: Edizioni dell'Orso.
- Macchi, Giulano (1966): “Le poesie di Roy Martinz do Casal”, *Cultura Neolatina XXVI*, pp. 129-157.
- Majorano, Matteo (1979): *Il canzoniere di Vasco Perez Pardal*. Bari: Adriatica Editrice.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian / Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica.
- Marcenaro, Simone (2013): *Trovatori alla corte di Alfonso X. Afonso Mendez de Besteiros e Estevan Faian*. Roma: Aracne Editrice.
- Marroni, Giovanna (1968): “Le poesie di Pedr' Amigo de Sevilha”, *Annali dell'Istituto Universitario Orientale X*, pp. 189-340.
- Monteagudo Romero, Enrique (1984): “Apéndice I. Textos e notas”, en A. Cotarelo Valledor (1934), *Cancionero de Payo Gómez Chariño, almirante y poeta (siglo XIII)*. Madrid: Librería General de Victoriano Suárez. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (ed. facsimilar), pp. 305-381.
- Montero Santalha, José-Martinho (2004): “*Cantigas trovadorescas* (edição digital): Critérios de transcrição e de edição de textos”. Disponível em <https://www.academia.edu/15399972/Cantigas_trovadorescas_edicao_digital_Criterios_de_transcricao_e_de_edicao_de_textos_2004>.

- (2000): *As Rimas da Poesia Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*. A Coruña: Universidade. Tese de doutoramento (inédita).
- Nobiling, Oskar (2007 [1907]): *As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos* (ed. Y. Frateschi Vieira). Niterói: EdUFF.
- Nunes, José Joaquim (1972 [1932]): *Cantigas de Amor dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro.
- (1973 [1926-28]): *Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro.
- Pagani, Walter (1971): “Il Canzoniere di Estevan da Guarda”, *Studi Mediolatini e Volgari* XIX, pp. 53-179.
- Panunzio, Saverio (ed.) (1992 [1967]): *Pero da Ponte, Poesías*. Vigo: Galaxia.
- Paredes, Juan (2001): *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio. Edición crítica con introducción, notas y glosario*. Roma: Japadre Editore.
- (2010): *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio. Edición crítica con introducción, notas y glosario* (Anexo 66 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*). Santiago de Compostela: Universidade.
- Piccat, Marco (1995): *Il canzoniere di Don Vasco Gil*. Bari: Adriatica Editrice.
- Radulet, Carmen M. (1979): *Estevam Fernandez d’Elvas, Il canzoniere*. Bari: Adriatica Editrice.
- Reali, Erilde (1964): *Le “cantigas” di Juyão Bolseyro*. Napoli: Istituto Universitario Orientale.
- Rodríguez, José Luís (1980): *El cancionero de Joan Airas de Santiago. Edición y estudio* (Anexo 12 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*). Santiago de Compostela: Universidade.
- Spampinato Beretta, Margherita (ed.) (1987): *Fernan Garcia Esgaravunha, Canzoniere*. Napoli: Liguori Editore.
- Tavani, Giovanni (ed.) (1964): *Lourenço, Poesie e tenzoni. Edizione, introduzione e note*. Modena: Società Tipografica Editrice Modenese.
- (1967): *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*. Roma: Edizioni dell’Ateneo.
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Universidade / Instituto da Lingua Galega <<http://ilg.usc.es/tmilg>>.
- V = *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.
- Williams, Edwin B. (1975 [1961]): *Do Latim ao Português. Fonologia e morfologia históricas da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro.
- Zilli, Carmelo (ed.) (1977): *Johan Baveca, Poesie*. Bari: Adriatica Editrice.